

ALEJANDRO FRAGA PARADELA
ESCUDERÍA OURENSE
PARQUE SAN LÁZARO, 12-5º
32003 OURENSE

Núm. OU-PRC-16/2024
Expediente:
ASUNTO: RESOLUCIÓN autorización proba deportiva: *I Rallysprint Val de Ramirás*
Data
celebración: 28 de setembro de 2024
Solicitante: ESCUDERÍA OURENSE
Concellos
afectados: Gomesende e Ramirás

ANTECEDENTES:

- 1) O día 28/07/2024 a ESCUDERÍA OURENSE, presentou solicitude de autorización para a proba deportiva denominada "*I Rallysprint Val de Ramirás*", a celebrar o día 28 setembro de 2024. A proba discorrerá polos concellos Gomesende e Ramirás da provincia de Ourense.
- 2) O expediente instruíuse coa achega dos seguintes documentos:
 - Memoria da proba: número aproximado de participantes, ruta e mapa do percorrido, declaración responsable de vías alternativas.
 - Fotocopia do carne de conducir do director executivo e do responsable de seguridade viaria
 - Xustificante dos seguros de responsabilidade civil e accidentes da Federación Galega de Automobilismo
 - Certificado do servizo de ambulancia e médico.
- 3) Achegan os seguintes informes:





- Axencia Galega de Infraestruturas de Ourense da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Deputación Provincial
- Concellos de Gomesende e Ramirás.

4) Solicitouse o preceptivo informe á Xefatura Provincial de Tráfico, que se xunta á presente resolución, se incorpora como parte da súa motivación e condiciona a autorización solicitada, de xeito que poderá ser suspendida ou revogada no caso de incumprimento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Real Decreto 1640/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de espectáculos públicos. Decreto 336/1996, do 13 de setembro (BOE do 17 de setembro), sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos e a súa asignación á entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
2. Na actualidade a competencia ven establecida aos directores territoriais en virtude do Decreto 412/2020, do 2 de decembro, (DOG 253) e o Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG do 01/05/2009) e Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG do 24 de abril de 2024)
3. O Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o "Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo", establece no seu artigo 2 que a competencia para





expedir a autorización para celebrar probas deportivas que se desenvolvan integramente por vías situadas dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderalle a esa comunidade autónoma.

4. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e o Decreto 98/2020, do 2 de xullo (DOG núm. 139, do 14 de xullo de 2020) polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas.
5. Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
6. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº236 do 2 de outubro de 2015). En especial o art. 109.2

En virtude de todo o exposto, dítase a seguinte

RESOLUCIÓN

Autorizar a proba deportiva "*I Rallysprint Val de Ramirás*", a celebrar o día 28 setembro de 2024, téndose que cumprir con todo rigor as condicións que se sinalan nos informes emitidos, moi especialmente o disposto no preceptivo informe da Xefatura provincial de Tráfico (que se xunta a presente resolución) e o establecido no Anexo II do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

Contra a presente resolución e ao abeiro do artigo 121 e 122 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer recurso de alzada perante o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, así como calquera outro que estime ao seu dereito.





Ourense, na data da sinatura dixital

A directora territorial

Beatriz Fernández Fernández

